

**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36017430	Ricardo Mella	Vigo	2017/2018

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0056	Atención sanitaria especial en situacións de emerxencia	2017/2018	9	227	272

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DEL CARMEN ADRIO FONDEVILA
Outro profesorado	

## Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Soporte vital avanzado I	Técnicas, material e medicación empregada no SVA, así como o seu emprego.	24	9
2	Soporte vital avanzado II	Técnicas, material e medicación empregada no SVA, así como o seu manexo.	24	9
3	Administración de medicamentos de emerxencia	Coñecemento dos medicamentos empregados nas situacións de emerxencia: indicacións, vías de administración e preparación para a súa administración.	18	6
4	Atención sanitaria urxente ante traumatismo	Traumatismos: etioloxía, sintomatoloxía e valoración dun paciente con traumatismo. Actuación ante os diferentes tipos de traumatismos	21	7
5	Atención sanitaria urxente ante lesións por frío e calor	Lesións por frío e calor: etioloxía, sintomatoloxía, valoración e actuación ante lesións por frío e calor	18	5
6	Atención sanitaria urxente ante lesións por electricidade	Lesións por electricidade: etioloxía, sintomatoloxía, valoración e actuación ante lesións por electricidade.	12	5
7	Atención sanitaria urxente ante lesións por radiacións	Lesións por radiacións: etioloxía, sintomatoloxía, valoración e actuación ante lesións por radiacións.	15	5
8	Atención sanitaria urxente ante lesións por axentes químicos	Lesións por axentes químicos: etioloxía, sintomatoloxía, valoración e actuación ante lesións por axentes químicos.	15	5
9	Atención sanitaria urxente ante lesións por axentes biolóxicos	Lesións por axentes biolóxicos : etioloxía, sintomatoloxía, valoración e actuación ante lesións por axentes biolóxicos.	15	5
10	Atención sanitaria ante patoloxía cardíaca	Patoloxía cardíaca: etioloxía, sintomatoloxía, valoración e actuación.	17	7
11	Atención sanitaria ante patoloxía dixestiva	Patoloxía dixestiva: etioloxía, sintomatoloxía, valoración e actuación.	15	7
12	Atención sanitaria ante patoloxía respiratoria	Patoloxía respiratoria: etioloxía, sintomatoloxía, valoración e actuación.	21	8
13	Atención sanitaria ante patoloxía neurolóxica	Patoloxía neurolóxica: etioloxía, sintomatoloxía, valoración e actuación.	21	8
14	Atención sanitaria ante patoloxía dos órganos dos sentidos	Patoloxía dos órganos dos sentidos: etioloxía, sintomatoloxía, valoración e actuación.	15	7
15	Atención sanitaria ante parto inminente	Fases do parto: valoración e actuación ante parto inminente.	21	7

### Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

En cada avaliación realizarase una valoración de 3 apartados que representarán unha porcentaxe da nota establecida da seguinte maneira:

**--Aspectos actitudinais:** interese polos contidos traballados, capacidade de traballo en equipo, participación nas prácticas realizadas na clase, coidado do material empregado,... un 10% da nota da avaliación

**-Aspectos procedimentais:** Realizarase un exame práctico (guiado por unha lista de cotexo) en cada avaliación onde o alumnado deberá demostrar a súa capacidade para poñer en practica os procedementos traballados ata ese momento do curso, este apartado representará un 40% da nota da avaliación

**-Aspectos conceptuais:** realizarase un examen tipo test (cada 3 respostas mal restarán 1 resposta ben) ou resposta curta sobre os contidos traballados na avaliación, este apartado representará un 50% da nota da avaliación.

E imprescindible aprobar os 3 apartados para acadar unha cualificación positiva na avaliación.

A nota final do módulo será a media das 3 avaliacións sempre e cando haxa aprobado cada unha das avaliacións.

De suspender deberá ir a proba extraordinaria de Xuño

### Procedemento para a recuperación das partes non superadas

#### Durante o curso:

Ao alumnado que durante o curso mostre dificultades no seguimento deste módulo, indicaráselle as actividades complementarias/de reforzo, a realizar para superalo.

En cada Unidade Didáctica, cada alumno/a debe realizar unha exposición individual de dúbidas sobre o tema, que se levará a cabo despois de traballar sobre os seus contidos.

Prétendese utilizar a corrección dos exames e/ou dos traballos como instrumento para a cualificación, pero tamén para a autoavaliación.

A corrección dos traballos servirá para que cada alumno/a observe, individualmente, os seus erros e resolva as súas dúbidas, e para volver

### **Actividades de recuperación tras cada trimestre:**

Ao final de cada trimestre, os alumnos que no superasen algunha das probas, teórica e/ou práctica, poderán facer unha proba de recuperación (teórica e/ou práctica), cunha cualificación máxima de 5 puntos. Ou ben, deberán ir a proba extraordinaria de xuño, onde deberán facer un exame de toda a materia impartida

### **Alumnado que non logre superar o curso:**

Unha vez finalizadas as clases do Módulo, os alumnos que non logren superalo, poderán asistir a sesións de recuperación antes da proba extraordinaria, onde se traballará con toda a materia impartida durante o curso, aclarando dúbidas, solucionando problemas e traballando máis coas partes nas que presenten problemas. Así mesmo, realizaránse novamente algunhas das prácticas necesarias para superar o módulo, en función das necesidades de cada alumno/a.

### **Proba extraordinaria de Xuño:**

Exame teórico tipo test de 80/100 preguntas, de resposta única, no que cada 3 respostas incorrectas restarán unha pregunta correcta.

Representará o 60% da nota.

Exame práctico, no que deberán resolver un suposto práctico proposto, e demostrar a súa capacidade de actuación ante unha situación de emerxencia. Este exame representará o 30% da nota.

É necesario superar ambas probas para superar o módulo.

A actitude, en xeral, suporá o 10% da nota.

### **Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O módulo ten unha duración de 227 horas, que equivalen a 27 sesións; aqueles alumnos cun total de faltas que superen o 10% da duración total do módulo é dicir 3 sesións, perderán o dereito a avaliación continua e para eles establécese que:

Deberán realizar unha proba extraordinaria de Xuño, no que haberá:

-**Exame teórico** tipo test de 80/100 preguntas de resposta única (onde se reflicten os contidos básicos da materia), no que cada 3 preguntas incorrecta restarán unha pregunta correcta. Representará o 60% da nota.

-**Exame práctico**, no que deberán resolver un suposto, para demostrar a súa capacidade de actuación ante unha situación de emerxencia. Este exame representará o 40% da nota.

É necesario, superar as dúas partes (cunha nota de 5 como mínimo) para superar o Módulo.